

TEMA 12: “COÑECEMOS LUGARES NOVOS”

Para aqueles ou aquelas que non tiñades o libro de texto do 3º trimestre na casa, achego as páxinas importantes do tema, para consultar teoría e facer os exercicios indicados.

Vocabulario. A TENDA DE ANTIGÜIDADES

12

1 Relaciona. Quen é cada persoa?

- | | | | |
|---|--|--|-----------|
| 1 anticuario | 2 restaurador | 3 transportista | 4 cliente |
| <input type="checkbox"/> Quen merca nunha tenda. | <input type="checkbox"/> Quen leva cousas dun lugar a outro. | <input type="checkbox"/> Quen repara obras de arte, mobles antigos, etc. | |
| <input type="checkbox"/> Quen vende antigüidades. | | | |

2 Elimina un elemento con cada pista e descubre finalmente de que obxecto se trata.

OBXECTOS

lámpada espello
cômoda vaixela

PISTA 1. Non é un moble. ► Non pode ser _____.

PISTA 2. Non é unha palabra colectiva. ► _____.

PISTA 3. Non necesita electricidade para funcionar. ► _____.

3 Substitúe as palabras destacadas polo adxectivo correspondente.

- Guilherme mercou un espello **con demasiados adornos**.
- Aquel reloxo **de hai cen anos** era dos meus avós.
- O colar que lle regalaron a Fina é moi **prezado** para ela.
- Este tarro de porcelana é **dos que rompen facilmente**.

valioso fráxil
artigo recargado

A SUFIXACIÓN

Os **sufixos** son partículas que se engaden ao final dalgúñas palabras para formar outras novas. Exemplo: transport + **-ista** → transportista. Este procedemento para crear palabras novas chámase **sufixación**.

Os sufixos adoitan achegarlle algún significado diferente á palabra primitiva. Por exemplo, transportista é a 'persoa que transporta cousas, mercadorías, etc.'

4 Arrodea os sufixos que se lles engadiron ás seguintes palabras primitivas.

 mar
maríño
marea
marisco

 libro
libreiro
librería
libresco

 porta
portaría
portal
portada

 chuvia
chuvoso
chuvia
chuvasco

UTILIZA O DICCIONARIO

5 Busca no dicionario e clasifica. Que significado achega **-ada** en cada caso?

- | | | | |
|----------|-----------|-----------|--------------------------|
| rapazada | ramalsada | babecada | ACCIÓN PROPIA DE ► _____ |
| armada | pallasada | filoadada | CONXUNTO DE ► _____ |

1 Substitúe as palabras destacadas por adverbios e di de que clase son.

- El era aínda un neno **naquela época**.
- Arranxou o aparello con **gran rapidez**.
- Tardamos moitos minutos en coñecer o resultado.
- Naquela parte do xardín** hai unha fonte.

2 Escribe dous adverbios como resposta a cada unha destas preguntas. Despois, indica de que clase son.

Gustouche o libro que che prestel?

Cantos lugares visitastes na vosta viaxe?

Cres que chegarán a tempo?

Como te atopas hoxe?

3 Engádelle a cada unha destas oracións un adverbio da clase que se indica.

- Os teus irmáns van ao cine. (TEMPO)
- Resolveu o problema. (MODO)
- Na festa comeu de todo. (CANTIDADE)
- Lograron alcanzar a meta. (DÚBIDA)



4 Completa os refráns cos adverbios axeitados e indica de que tipo son.

pouco

non

nunca

moito

- Quen abarca, aperta.
- choveu qua escampase.

5 PARA PENSAR. Localiza o adverbio que aparece nunha oración de cada parella.

Para identificalo ten en conta que é unha palabra invariable.

- Á festa acudiron bastantes persoas.
- Tardaron pouco en facer o traballo.
- Divertímonos bastante na festa.
- Tardaron poucas horas en facer o traballo.
- Gustoulles moito a función de teatro.
- A función de teatro tivo moitos momentos bos.

6 Substitúe o adverbio de cada oración por outro de significado distinto. Despois, indica de que clase é.

- Xoana sempre contesta amablemente.
- Está rindo decote.
- Teu irmán corre moito.
- Ván abrir unha tenda aquí.

ELABORA O TEU RESUMO

Que son os adverbios?

Os adverbios son palabras que expresan . Tamén hai adverbios que expresan .

Que clases de adverbios hai?

Hai distintas clases de adverbios, dependendo . Algúns dos tipos máis frecuentes son .



Lembras como se parten as palabras ao final da liña? Compróbaso coa seguinte actividade.


Marca a palabra de cada parella que estaría ben partida ao final da liña.

- | | | |
|------------------------------------|------------------------------------|-------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> ningu-nha | <input type="checkbox"/> moi-to | <input type="checkbox"/> ref-lexión |
| <input type="checkbox"/> ningun-ha | <input type="checkbox"/> mo-ito | <input type="checkbox"/> re-flexión |
| <input type="checkbox"/> a-lemán | <input type="checkbox"/> colle-ita | <input type="checkbox"/> car-reira |
| <input type="checkbox"/> ale-mán | <input type="checkbox"/> collei-ta | <input type="checkbox"/> ca-rreira |

Escríbese **guión** (-) ao final da liña cando se parte unha palabra que continúa na liña seguinte. Para dividir palabras hai que ter en conta estas regras:

- As palabras divídense por sílabas. Por exemplo: fon-te.
- Non se poden separar os ditongos. Exemplo: moi-to e non mo-ito.
- Non se poden separar os dígrafos distribuíndoos en sílabas diferentes, porque representan un único son (**ch, gu, ll, nh, qu** e **rr**). Exemplo: algu-nha e non algun-ha.
- Non se pode deixar unha vogal soa nin ao final nin ao principio dunha liña. Exemplos: ale-mán e non a-lemán; co-roa e non coro-a.
- Os grupos consonánticos **bl, br, cl, cr, dr, fr, fl, gl, gr, pl, pr, tl** e **tr**, tampouco se poden separar ao final da liña. Exemplo: pro-clamar e non proc-lamar. En cambio, o grupo **cc** pódese dividir, porque cada **c** pertence a unha sílaba distinta. Exemplos: ac-ción, direc-ción.

- 1** Risca as palabras de cada grupo que están mal divididas e explica por que non se poden dividir así.



- 2** Divide de todas as formas posibles as seguintes palabras, coma se estivesen ao final da liña.

- | | | | |
|-------------|--------------|-------------|--------------|
| • colección | • muiño | • abotoar | • infracción |
| • cunha | • carretilla | • choqueiro | • aéreo |

Exemplo ► colección → co-lección, colec-ción.

- 3 **PARA PENSAR.** Escribe tres palabras de máis dunha sílaba que non se poidan dividir ao final da liña.

- 4 Copia o cadro e complétao.



PALABRAS	SÍLABAS	PARTICIÓNS POSSIBLES
aconsellable	a-con-se-lla-ble	acon-sellable / aconse-llable / aconsella-ble
aficionado		
reflexionar		
chumusqueiro		
antiaéreo		

- 5 Copia as palabras que aparecen con guión nas dúas páxinas da lectura *A Princesa da Pampa*. Despois, divídeas en sílabas.

- 6 **DITADO.** Prepara o ditado para facelo no caderno.

Fixate nas palabras que teñas que partir ao final da liña.

Unha casa museo

O outro día visitei a casa de Breixo, un compañeiro meu da clase. Aquilo parece un museo! Alá onde mires ves cadros ao óleo, algunhas figuras de porcelana antigas, cadeiras e unha morea de cousas máis. Breixo di que iso é porque os avós de seu pai, é dicir, os seus bisavós, eran aristócratas. Pero eu creo que na súa casa son un pouco estrafalarios. Ti que pensas?



APRENDO COMO SE ESCRIBE



servizo

Acción de servir; obxectos para servir a mesa; no tenis, saque; cuarto con inodoro.

- Di que palabra está ben escrita.

A servício B serbicio C serbizo D servizo

- Localiza as letras que forman a palabra e escríbeas ordenadas en maiúscula e en minúscula.

X O V S I R E N Z U

- Completa coas grafías que corresponda estas palabras da familia de servizo.


ser★ir ser★ival ser★ente ser★ivie

ACTIVIDADES FINAIS

 **1 RESUMO.** Copia e completa o resumo destes contidos da unidade.

- Algunhas palabras novas fórmanse por sufixación, é dicir, engadindo ao dunha palabra unha partícula chamada .
- Escribimos ao final da liña cando unha palabra que continúa na seguinte liña.

 **2 ESQUEMA.** Copia e completa o seguinte esquema.



3 Engade dous exemplos máis de palabras formadas con cada un destes sufixos.

- | | |
|---|---|
| • -eiro ▶ zapateiro, <input type="text"/> , <input type="text"/> | • -eira ▶ maceira, <input type="text"/> , <input type="text"/> |
| • -ista ▶ pianista, <input type="text"/> , <input type="text"/> | • -oso ▶ famoso, <input type="text"/> , <input type="text"/> |
| • -án ▶ ourensán, <input type="text"/> , <input type="text"/> | • -izar ▶ hospitalizar, <input type="text"/> , <input type="text"/> |
| • -ismo ▶ xornalismo, <input type="text"/> , <input type="text"/> | • -al ▶ pifeiral, <input type="text"/> , <input type="text"/> |

4 Localiza os adverbios que aparecen neste texto e clasifícaos.

Ola, Alberte! Dixécheslle a María que mañá marchamos cedo? Posiblemente tardemos moito en completar o traxecto e será mellor ir amodo. Por iso é conveniente saír axiña. Encontrarémonos todos aquí, na miña casa. Non tardes!

TEMPO	LUGAR	MODO	CANTIDADE	DÚBIDA	NEGACIÓN
▼	▼	▼	▼	▼	▼
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>



5 Localiza neste folleto os catro casos en que está mal empregado o guión e explica por que.

1.º día		2.º día
Chegada a Londres ás nove da noite e traslado ao hotel para aloxarse. Despois, tempo libre.		Almorzo a primeira hora e logo percorrido polo Londres monumental. Pola tarde, tempo libre para excursións opcionais.

- En porque non se poden separar as vogais do ditongo.
- En porque non se pode deixar unha vogal soa ao final da liña.
- En porque non se poden separar os dígrafos.
- En porque non se pode separar ese grupo consonántico.

REPASO ACUMULATIVO

- 1 Arrodea as seguintes palabras derivadas da cor que corresponda.

 TEÑEN PREFIXOS

 TEÑEN SUFIXOS

• renacer

• festeiro

• prestrea

• electricista

• subdirector

• ruidoso

- 2 Copia o texto elixindo en cada caso as formas verbais adecuadas.

Un can ben espelido

Antonte (LEVAIBA / LEVÉIS) o meu can á carnicaría. Titus (TREMÍA / TREMESE) de emoción ao ver os bistés e (COMEZARÍA / COMEZOU) a ladrar. Daquela, o carniceiro (DIXO / DIRÍA)lle que, se (ERA / FOSE) bo, (HABERÍA / HABÍA)lle dar un óso. Escuso dicir que Titus se (PORTARA / PORTOU) coma un anxiño.



- 3 Conxuga os verbos *estar*, *podér* e *traducir* nestes tempos de indicativo: presente, pretérito perfecto e futuro. Despois, indica se son regulares ou irregulares.

- 4 Escribe o signo de puntuación (, / . / ? / ! / ;) que corresponda en cada caso.

- Este baúl da nosa familia ten cincocentos anos ★ E que ben se conserva ★
- A señora Carme ★ a veciña ★ ten tres netos: Cibrán ★ Uxía e Antón ★
- A que hora abre Encantados ★ a tenda de antigüidades da esquina ★
- De primeiro hai sopa ou ensalada★ de segundo★ bisté ou peixe★ e de sobremesa★ froita ou iogur.

- 5 **DITADO ACUMULATIVO.** Prepara o ditado para facelo no caderno.

No mercado de antigüidades

O vindeiro sábado van facer un mercado de antigüidades na praza da Verdura. Iria, Carmela e Sabela queren ir comprar un espello e unha lámpada antigos; Xavier, Breixo e Adela teñen idea de mirar un baúl para gardar os xoguetes; e Antón, Mariña e Lucía, como son tan curiosos, queren ver primeiro o que hai e, se despois lles gusta algo, ao mellor cómprano. E ti, non te animas a ir?

- A coma
- O punto e coma
- A partición de palabras

AUTOAVALIACIÓN

Escrebe SI ou NON e puntúate. Cada resposta correcta vale 2 puntos.

- 1 A palabra *prehistoria* formouse por sufixación. ▶
- 2 A maior parte dos adverbios rematados en *-mente* expresan modo. ▶
- 3 Se queremos partir un dígrafo ao final da liña, escribimos un guión. ▶
- 4 Os adverbios concordan en xénero e número cos substantivos. ▶
- 5 Utilizamos o guión cando partimos unha palabra ao final da liña. ▶

